

**Sergei Parajanov - Tini zabutykh predkiv (1964)**  
Central Europe Review Archive, 23 de Abril do 2001  
([http://www.ce-review.org/01/14/kinoeye14\\_partridge.html](http://www.ce-review.org/01/14/kinoeye14_partridge.html), consultado o 2 de novembro do 2015)

#### James Partridge: Sombras de cores

Resulta difícil imaxinar como alguén pode permanecer indiferente perante as películas de Sergei Parajanov. Seguramente se lle pode considerar un dos máis grandes directores (ao mesmo nivel que Tarkovsky, Bergman, Dovzhenko, Kurosawa e moitos outros), aínda que no seu caso Parajanov conseguiu esta reputación con tan só catro películas: *Tini zabutykh predkiv* (Sombras de antergos esquecidos, 1964), *Sayat Nova* (A cor das granadas, 1968), *Ambavi Suramis tsikhitsa* (A lenda da fortaleza de Suram, 1984) e *Ashugi Qaribi* (máis coñecida polo seu título ruso, *Ashik Kerib*, 1988). De feito, Parajanov dirixiu unhas cantas películas antes de 1964 (a Internet Movie Database recolle 16) pero víronse moi pouco e el mesmo se desentendeu de moitas delas. As súas catro grandes películas foron realizadas nunhas condicións moi difíciles, tanto financeiras como políticas, e malia iso, Parajanov produciu catro extraordinarias obras que lle aseguran un lugar no panteón dos grandes directores.

#### Aprendendo de Andrei

O director naceu de pais armenios en Tiflis, Xeorxia en 1924. Durante a década dos 50 estudou nos estudos Dovzhenko en Moscova (durante un tempo, xunto ao mesmo Dovzhenko). O seu debut cinematográfico chegou en 1954, e nos 10 anos seguintes realizou unha serie de películas - as únicas que máis adiante rexeitou. Como era de esperar, estas películas cumprían rigorosamente co realismo socialista da época, aínda que quen as viron (por desgraza, eu non) din que se aprecian signos da poderosa imaxinación visual que ha aflorar nas súas películas máis famosas. En 1964, Parajanov realizou *Tini zabutykh predkiv*, a película que fixo que o público internacional lle prestase atención. En moitas ocasións Parajanov dixo que a película que lle influíu máis profundamente e que o liberou dos seus primeiros traballos foi *Ivanovo detstvo* (A infancia de Iván, 1962). Escribe: "Tarkovsky, que era 12 anos máis novo ca min, foi o meu mestre e o meu mentor. Foi o primeiro, n' *A infancia de Iván*, de usar as imaxes oníricas e os recordos para compoñer alegorías e metáforas. Tarkovsky axudou ás persoas a descifrar as metáforas poéticas. Estudando a Tarkovsky e realizando variacións sobre a súa obra, volvinme máis forte". Que houbo unha influencia resulta innegable, pero o xenio cinematográfico de Parajanov é tan absolutamente único e a súa imaxinación visual tan idiosincrática, que as alusións a Tarkovsky son de pouca axuda para aproximarse á obra de Parajanov.

#### Etnografía da ficción

*Tini zabutykh predkiv* foi rodada nas montañas dos Cárpatos do oeste de Ucraína, onde vive o pobo hutsul. Non está claro en que período histórico se sitúa a película - algunhas fontes dátano a comezos do século XIX, aínda que eu creo que é algo máis tarde - pero de todas as maneiras a época é irrelevante. Os hutsul viven illados do resto do mundo e a historia de *Tini zabutykh predkiv* podería acontecer en calquera época. A vida dos hutsul é dificultosa e a morte está a miúdo presente. A película ábrese coa morte de Olexa, que é esmagado pola caída dunha árbore cando intenta salvar ao seu irmán pequeno Ivanko do mesmo destino. A continuación atopamos a Ivanko nunha igrexa co seu pai Pyotr Pavlichuk. Pavlichuk reprende a un veciño rico, Guteniuk, pola súa xenerosidade coa igrexa, en comparación coa súa avaricia coas pobres xentes da aldea. Guteniuk enfádase e os dous homes pelexan fóra da igrexa. Pavlichuk resulta morto -outro funeral máis. Ivanko, con todo, parece relativamente indiferente perante a morte do seu pai, e moito máis interesado en Marichka, a filla pequena de Guteniuk. Ao principio os dous nenos mófanse un do outro, pero pronto se poñen a xogar e está claro que este é o auténtico comezo da historia da película. As primeiras escenas poden parecer deprimentes na liña do "típico cine ruso", pero de feito son o oposto. A acción ten lugar extraordinariamente rápido, ás veces case atoladamente. As escenas filmanse coa cámara ao ombreiro, a miúdo correndo e, polo que parece, case sen editar. Hai moi pouco diálogo -o xusto para que a película avance- e está punteado por estalidos de extraordinaria música popular hutsul. Tras cinco minutos, pareceche que sabes máis da vida dos hutsul que se visen unha chea de documentais.

#### Fluxo de imaxes

Parajanov gosta de inserir no curso da acción escenas breves aínda que coidadosamente compostas. Son coma naturezas mortas, que centran a atención nalgunha imaxe que capte o ollo do director: o detalle dun vestido, un rostro chocante, unha fogaza de pan. Esta é a técnica que utilizará ata o exceso na súa famosa *Sayat Nova*, pero en *Tini zabutykh predkiv* estas imaxes pasan rápido e de forma fluída. Vaíamos agora á primeira parte da historia: «Ivanko e Marichka». (A película divídese en seccións: "Os pastos", "Soidade", "Días de traballo", "Nadal", e outras). Os dous nenos xogan xuntos no medio de cancións infantís. Decatámonos do odio da nai de Ivanko contra os Guteniuks, así que resulta fácil e tentador clasificar a historia como un *Romeo e Xulieta* hutsul. De novo resulta difícil expresar con palabras a velocidade e a economía desta parte da película. Parajanov sempre lle dá ao espectador a información suficiente, xa sexa a través da imaxe, da música ou do diálogo, de modo que sabemos en que parte da historia estamos. Os dous nenos xogan inocentes e felices, pero de súpeto decatámonos de que o seu xogo estase convertendo en algo máis, e instantes máis tarde atopámonos a Ivanko e Marichka como dous mozos desesperadamente namorados. Outra vez a cámara ao ombreiro, rápida, ás veces desenfocada, ás veces

# SOMBRAS DE CORES

James Partridge

filmando a través dun muro de árbores case impene-trable, permitindo só albiscar o que está pasando, e como sempre, as deslumbrantes imaxes superpóñense á deslumbrante música. Esta parte termina con Iván (o seu paso á idade adulta represéntase coa perda do diminutivo) marchando traballar como xornaleiro aos pastos de verán das montañas. Iso recórdanos a dureza da vida: todos os fillos da nai de Iván morreron, igual que o seu marido, e agora Iván marcha.

### Vida de adversidades

Non creo que importe moito falar do que pasa despois. Non é que a historia sexa predicible, máis ben é un arquetipo: sabemos desde o comezo que a traxedia sempre anda preto, e por iso cando Ivan marcha, Marichka afoga no río cando intentaba rescatar unha ovella extraviada. Ivan regresa e, por suposto, queda esnaqui-zado cando contempla o corpo de Marichka. É de des-tacar que a película pasa da exuberancia do principio a un estado máis sombrío. Ivan afunde rapidamente na tristeza, vaga de aldea en aldea con desespero, fa-cendo traballos desprezables con tal de manter firmes o corpo e a alma. (Neste punto, a película cambia ao branco e negro, o que se debe entender como un re- flexo simbólico da melancolía de Ivan, pero eu sospeito que ten máis que ver con que a Parajanov acabóuselle a película en cor e tivo que utilizar a única que tiña). Na quinta parte, «Iván e Palagna», vemos que Ivan ato-pou outra muller, Palagna. Casan e viven xuntos, pero está claro que algo non marcha ben. O matrimonio non se consuma, e aínda que Ivan non é abertamente cruel con Palagna, tampouco lle demostra o seu amor pois aínda está posuído polo espírito de Marichka. Ao final do ano, desesperada por ter fillos, Palagna visita a unha bruxa. O traballo da cámara é máis cambian-te que nunca: na escena da taberna, cara ao final da película, cando Ivan se enfrenta á bruxa, todo está estrañamente sombrío e comprimido nun estilo que recorda ao expresionismo alemán, realizando a atmos- fera claustrofóbica e cargada de conflitos. Con iso, a película camiña cara ao seu clímax e conclusión (que non revelarei). Como dixer, hai un freo no ritmo da película a partir da morte de Marichka ata o final, aínda que Parajanov segue recorrendo á corrente de imaxes, música, fragmentos de diálogo, oracións e cancións para facer avanzar o filme. Aínda que o repouso plan-touse na película, esta non ten nada da gravidade con que se identifican os filmes soviéticos. Unha película máis aló do seu tempo, *Tini zabutykh predkiv* foi acusa-da de ir totalmente en contra do realismo socialista no

cine, e mesmo de contribuír ao seu derrube. En lugar de realismo socialista, hai unha especie de naturalismo na descrición das vidas dos hutsul que fai da película un produto fascinante. Pódese ver como un documen-to etnográfico deste descoñecido pobo dos Cárpatos. É fácil esquecerse de que os principais personaxes da película son actores (Ivan Mikolajchuk, por exemplo, que interpreta a Iván, fixo 15 películas máis despois de *Tini zabutykh predkiv*), e o uso brillante que Parajanov fai da música, o vestiario, o dialecto hutsul, e as tra-dicións da rexión axudan a entrar de cheo no mundo hutsul. Parajanov realizou dúas películas máis nos 60, antes de *Sayat Nova* en 1968 -a película que confirmou a súa reputación a nivel mundial. Naquel tempo, con todo, estaba fortemente presionado polas autoridades soviéticas, e a partir de 1969 prohibíuselle traballar. En 1973 foi arrestado cos cargos de homosexualidade, comercio ilegal e tráfico de pezas de arte, e en 1974 foi condenado a cinco anos de traballos forzados. Saíu libre en 1978, e pasou os cinco anos seguintes pintan-do, facendo esculturas, marionetas, colaxe e todo tipo de formas artísticas, pois non se lle permitía traballar nun estudio de cine. Volveu ser detido en 1982 e pasou en prisión un ano. Regresou ao cine en 1985 con *Am-bavi Suramis tsikhitsa*. Tras pasar outro tempo detido en 1988, realizou a súa última película, *Ashugi Qaribi*. Parajanov morreu en xullo de 1990.

## CINECLUBE DE COMPOSTELA

NOV  
2015

### ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)  
 cineclubedecompostela.blogaliza.org  
 facebook.com/cineclubedecompostela  
 cineclubedecompostela@gmail.com

### PROXECCIONS

Todos os mércores na  
 Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21.  
 Santiago de Compostela)  
 Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

### 4 DE NOVEMBRO

*Sombras de antergos esquecidos*  
 (Tini zabutykh predkiv)  
 (Тіні забутих предків),  
 Sergei Parajanov,  
 URSS, 1965, 97', VOSG)

### 11 DE NOVEMBRO

*Wendy e Lucy*  
 (Wendy and Lucy, Kelly Reichardt,  
 EUA, 2008, 80', VOSG)

### 18 DE NOVEMBRO

*O dereito do máis forte á liberdade*  
 (Faustrecht der Freiheit,  
 Rainer Werner Fassbinder,  
 RFA, 1975, 123', VOSG)

### 25 DE NOVEMBRO

*O espía que sentou á porta*  
 (The Spook Who Sat by the Door,  
 Ivan Dixon,  
 EUA, 1973, 102', VOSG)